

INSTRUCCIÓN PARA O PAGO DAS TAXAS DO TÍTULO DE BACHARELATO

1. Unha vez que se entra en www.atriga.gal, hai que premer en *Taxas e prezos*, dentro do apartado “Tributos da comunidade autónoma”.

The screenshot shows the homepage of the Agencia Tributaria de Galicia. The 'Tributos da comunidade autónoma' section is visible, listing various tax categories. 'Taxas e prezos' is highlighted with a red circle and a red arrow.

2. Unha vez que prememos en *Taxas e prezos*, escolleremos a opción **Confección online de impresos**, onde teremos que premer en *Modelo A1. Autoliquidación de taxas*.

The screenshot shows the 'Confección on-line de impresos de Taxas e Prezos' page. The 'Modelo A1. Autoliquidación de Taxas' option is circled in red.


3. Unha vez que escollemos esta opción, ábrenos unha ventá de pago de taxas, onde teremos que **Iniciar taxa** e apareceranos dúas opcións, onde escolleremos a sinalada cun cadeado aberto:






4. Despois de premer no cadeado aberto, teremos dúas opcións para escoller:

a) *Iniciar Taxa*. Neste caso cumprimentaremos o pago de xeito completamente telemático.

b) *Descargar modelo en branco*. Escollendo este último apartado, descargamos un modelo para cubrir por triplicado: unha copia levarase ao banco para pagar alí, outra deixarase na oficina do centro, xunto cunha copia do DNI e outro gardarase como comprobante.

 Autoliquidación e pago de taxas e prezos

<p>Iniciar tramitación electrónica Cumprimentar o modelo de autoliquidación e realizar o pago da taxa. Poderá realizar o pagamento por dúas vías: - <i>telemática</i>: con tarxeta ou cargo en conta Consulta de entidades colaboradoras no pagamento telemático - <i>presencial</i>: imprimir o modelo 731 cumprimentado para efectuar o pago presencial nunha entidade financeira colaboradora. Consulta de entidades colaboradoras no pagamento presencial</p>	
<p>Operacións realizadas e pendentes Accións posibles sobre operacións realizadas ou iniciadas: - consultar unha operación xa realizada - retomar unha operación pendente de finalizar - anular unha operación en fase inicial</p>	
<p>Descargar modelo en branco Modelo de autoliquidación para cumprimentar a mán segundo as instrucións que lle facilite o órgano xestor da taxa ou prezo, efectuar o pago nunha entidade financeira colaboradora e presenta-lo no órgano xestor da taxa ou prezo.</p>	

5. Se seguimos coa opción de **Iniciar Taxa**, a máis recomendable, ábrenos un formulario de **datos da taxa** onde debemos completar os datos e poñer a cantidade a ingresar (54,00 €). Os datos hai que seleccionalos na pestana que se desprega en cada opción, do xeito seguinte:

Códigos

Consellería*

07 - CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Delegación*

13 - SERVICIOS CENTRAIS

Servizo*

03 - ENSINO MEDIO

Taxa*

302003 - EXPEDICIÓN DE TÍTULOS ACADÉMICOS E PROFESIONAIS CORRESPONDENTES ÁS ENSEÑANZAS ESTABLECIDAS POLA LOE E DOS SEUS DUP...

Obxecto de pago

Obxecto ou motivo do pago (máximo 290 caracteres)*

TÍTULO DE BACHARELATO

Datos de pago

6. Unha vez cuberta a cantidade a ingresar, prememos en continuar e cubrimos na seguinte pantalla os nosos **datos persoais** (e os da persoa representante en caso de que aínda sexamos menores de idade). Despois volvemos premer en continuar.

Suxeito pasivo

NIF* Nome ou razón social* 1º Apelido 2º Apelido Teléfono ou Móbil

Enderezo* Siglas* Via pública* Número Letra Escalera Piso Porta

FISCAL CL - RÚA/CALLE

Código Postal* Provincia* Concello*

Representante (Só cando difira do suxeito pasivo)

NIF* Nome ou razón social* 1º Apelido 2º Apelido Teléfono ou Móbil

Enderezo* Siglas* Via pública* Número Letra Escalera Piso Porta

FISCAL CL - RÚA/CALLE

Código Postal* Provincia* Concello*


Para retomar unha operación interrompida

7. Cando completemos os datos premeremos en continuar e apareceranos a derradeira ventá de **modo de pago**, de novo coa opción de pago telemático ou descargar os modelos para pagar no banco.


1 Datos da taxa 2 Datos identificativos 3 **Modo de pago**

Escolla unha das dúas opcións para continuar co pago da taxa

Conexión coa plataforma de pagamentos para efectuar o pago telemático con tarxeta ou cargo en conta.
Se por calquera motivo non chegara a completar o pago, debe retomar o proceso de pago dende a sección "Operacións realizadas e pendentes".
[Consulta de entidades colaboradoras no pagamento telemático](#)



 Pago telemático

Descarga do modelo de autoliquidación cuberto cos datos recén capturados (Mod. 731) para imprimir, efectúa-lo pago presencial nunha entidade financeira colaboradora.
[Consulta de entidades colaboradoras no pagamento presencial](#)


 Descargar modelo presencial

Se seguimos co pago telemático daranos a opción de introducir os *datos dunha tarxeta de débito / crédito* e realizaremos o pago, xerando un **xustificante que deberemos imprimir e entregar na oficina do centro**. En caso de escoller a descarga de modelo presencial deberemos imprimir e presentar os impresos no banco, levando despois a copia igualmente á oficina do centro.

Se realizamos o pago telemático con tarxeta de crédito ou Bizum, deberemos descargar o xustificante unha vez rematada a operación na seguinte ventá:

 Autoliquidación e pago de taxas e prezos  FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL "Iniciativa de Atracción de Inversión" 1.0.27.0

A descarga e impresión deste documento vai proporcionar un número de control identificativo da operación e servirá de xustificante do pago da taxa ou prezo.

 Descargar xustificante

Se desexa presentar unha solicitude de ingresos indebidos pode empregar o [modelo de solicitude](#) dispoñible na web da ATRIGA: Inicio > Tributos da Comunidade Autónoma > Taxas e Prezos > Modelos de escritos.
Dito modelo debidamente cuberto deberá presentalo ante o órgano xestor da taxa/prezo.